

# MONTES E VALES

## GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

### ANUNCIO:

Pola que se publican as Bases, aprobadas por acordo da Xunta Directiva do 11.02.09 e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR3 o día 21/01/09 para a xestión do programa Leader 2007-2013, procédese a convocar proba selectiva para os seguintes postos:

#### 1 Xerente / Coordinador

#### 1 Administrativo/a

OS PREGOS DE CONDICIÓNS atópanse para a súa consulta nas oficinas dos Concellos da Fonsagrada e Meira. Tamén se poden consultar na Internet en: <http://agader.xunta.es> e <http://.gdr3montesevales.blogspot.com>. O prazo para a presentación de solicitudes é de 10 días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación. As solicitudes pódense presentar nas mesmas oficinas dos Concellos da Fonsagrada e Meira ou vía postal a: Asociación MONTES E VALES. Apartado de Correos 901 CP 27240 Meira (Lugo).

Asdo.: O Presidente do GDR3 Montes e Vales  
Ignacio Eiros García



FEADER:  
Europa inviste no rural



***BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA DE PROVA SELECTIVA, PARA A CONTRATACIÓN POR OBRA OU SERVICIO PARA A XERENCIA POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “ASOCIACIÓN MONTES E VALES” GDR3 NA EXECUCIÓN DO LEADER GALIZA 2007-2013***

*En virtude do acordo adoptado pola Xunta Directiva con data 11.02.09, e de conformidade co convenio asinado entre AGADER e o GDR3 o día 21.01.09 e as bases da convocatoria do Leader 2007-2013, procedese a convocar proba selectiva para a contratación de persoal en rexime de duración determinada (contrato de obra ou servicio) que terá como bases as seguintes:*

**CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR**

***1.- Definición dos postos que se pretenden cubrir:***

- 1 xerente/responsable técnico.*
- 1 administrativo/a.*

***2.- Características da contratación:***

*A contratación terá como obxeto a dirección técnica e execución do programa LEADER GALIZA 2007-2013.*

*O equipo técnico será contratado pola Asociación Montes e Vales mediante un proceso selectivo que respectará os principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*Despois dun período de proba de 6 meses, procederase á contratación do xerente ata decembro de 2015 e do/a administrativo/a ata decembro de 2010 con posibilidade de renovación (con xornada parcial ou completa).*

*O equipo técnico encargárase da información e asesoramento á poboación sobre os fondos LEADER e outras posibilidades de desenvolvemento e recursos, así como do acompañamento e asesoramento na xestión dos proxectos presentados ao programa LEADER, actuando sempre baixo a supervisión da Xunta Directiva do GDR á que dará conta de todas as súas actuacións e coa que se coordinará estreitamente.*

*Dadas as características do territorio pretendemos contar cun equipo interdisciplinario, móbil e dinámico que viaxe constantemente polo territorio para divulgar ou difundir información e para asesorar individualmente aos promotores dos proxectos. O seu horario será flexible en función das necesidades de cada momento e situación.*

***3.- Salarios:***

*Os salarios brutos anuais serán de:*

- Xerente/responsable técnico: 34.000 €/ano.*
- Administrativo/a: 18.000 €/ano.*

#### **4.- Funcións:**

*A selección do persoal técnico do GDR deberase efectuar atendendo aos labores que estes van realizar no territorio:*

*- Mobilización, animación e dinamización: tarefas dunha especial importancia de cara a acadar unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas. Estes labores son importantes, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.*

- Promoción e captación das iniciativas.*
- Maduración dos proxectos e apoio aos promotores.*
- Apoio técnico para a selección de proxectos.*
- Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos, de forma que se siga en contacto máis alá da tramitación das axudas.*

##### **▪ FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DO XERENTE:**

- Información e asesoramento: reunións, campañas de información...*
- Acompañamento aos promotores dos proxectos que vaian aparecendo, procurando compatibilizar recursos ou escoller o recurso máis axeitado a cada situación.*
- Coordinarse con outros técnicos/as que traballen no territorio e que teñan obxectivos afíns de desenvolvemento (axentes de desenvolvemento local, equipos de inclusión, técnicos/as de medio rural, de AGADER...).*
- Elaboración de materiais para informar do programa e das axudas (folletos...).*
- Elaboración de folletos, mapas, etc. sobre o territorio que sirvan para dalo a coñecer.*
- Organizar encontros, xornadas, visitas a outros lugares....*
- Coordinar o equipo técnico.*
- Poñer en práctica o programa elaborado, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación.*
- Concretar estratexias para levar a cabo os obxectivos do GDR, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación.*
- Xestión de recursos alternativos para o programa.*
- Facer de intermediario entre a Asociación Montes e Vales e AGADER nos trámites burocráticos do día a día.*
- Dar conta das actuacións do equipo á Xunta Directiva, expresada á traveso do seu Presidente.*
- Cantas outras se determinen encamiñadas ao fin último de desenvolvemento integral da zona.*

▪ ***FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DO/A ADMINISTRATIVO/A***

- *Permanecer na oficina o tempo que se determine e ofrecer o primeiro nivel de atención e información.*
- *Contabilidade da asociación e nóminas do persoal.*
- *Traballo informático de soporte aos técnicos/as: folletos informativos, estudos, planos...*
- *Traballo administrativo: correspondencia, teléfono, arquivo...*
- *Manexar soportes técnicos e informáticos en asembleas, encontros etc. nos que sexa necesario.*
- *Burocracia da Asociación con outras administracións e entidades.*

**4.- Forma de selección**

*A selección realizarase en tres fases. A puntuación máxima será de 100 puntos:*

- *1ª FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. Poderase obter ata un máximo de 20 puntos.*
- *2ª FASE: PROBA ESCRITA, axustada ás funcións de cada categoría. Poderanse obter ata 65 puntos e a proba vai consistir nun exame que terá que ver con:*

- *Para o xerente, co desenvolvemento integral, coa forma de traballo en equipo, coas características do territorio no que se vai traballar...*
- *Para o/a administrativo/a, con coñecementos de informática, contabilidade e xestión administrativa...*

- *3ª FASE: ENTREVISTA. Ata un máximo de 15 puntos. Os entrevistadores procuraran atopar as persoas mais axeitadas para os postos tendo en conta as motivacións, experiencias anteriores, actitudes, desexo de aprender... A entrevista será dirixida e preparada.*

**5.- Requisitos mínimos dos aspirantes**

*Establécense requisitos mínimos de titulación:*

- *Xerente: diplomatura universitaria ou enxeñería técnica.*
- *Administrativo/a: ciclo superior en administración e finanzas, ciclo superior de secretariado ou FP II equivalente.*

*Outros requisitos:*

- *Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou formación equivalente.*
- *Carné de conducir*
- *Dispoñibilidade horaria.*

## **6.- Valoración de méritos**

*A comisión de selección elixirá aos 20 mellores candidatos por praza para a seguinte proba (senón houbera 20 pasarían todos).*

*Consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada unha das persoas aspirantes, relacionados no currículo vitae (segundo anexo II), consonte ao seguinte baremo:*

### **A) XERENTE:**

#### **▪ Outras titulacións regradas (ata 3 puntos):**

*-Relacionadas co traballo: 3 puntos por licenciatura, enxeñaría superior, arquitectura ou doutorado, 1,5 puntos por diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica e 1 puntos por ciclo superior, FP II ou máster.*

*.-Non relacionadas co traballo: 1 punto por licenciatura, enxeñaría superior, arquitectura ou doutorado, 0,75 puntos por diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica e 0,5 puntos por ciclo superior, FP II ou máster.*

*Debido á importancia do sector primario no territorio do Gdr-3, terán consideración de relacionadas co traballo aquelas titulacións regradas da familia agraria e forestal.*

#### **▪ Formación (ata 6 puntos)**

*.-Informática (ata 2 puntos): procesador de textos, folia de cálculo, base de datos, creación de páxinas web, tratamento de fotografías, programas de contabilidade, programas de presentacións electrónicas...*

*-Pola asistencia a cursos, xornadas e congresos realizados por calquera Administración Pública, Universidade e colexio oficial relacionados co traballo específico a realizar ( ata 4 puntos)*

*A formación valorarase do seguinte xeito:*

- Ata 20 horas: 0,3 puntos por curso.*
- De 21 a 75 horas: 0,7 puntos por curso.*
- De 76 a 250 horas: 1.5 puntos por curso.*
- De máis de 251 horas: 3 puntos por curso.*

▪ **Experiencia laboral (ata 8 puntos):**

*-En traballos relacionados co desenvolvemento rural: 0,4 puntos/mes (cun máximo de 5 puntos) A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral (cando proceda). Non se computarán servizos inferiores a un mes. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.*

*-En traballos como docente en organismos oficiais (ata un máximo de 3 puntos) sempre e cando a docencia estea relacionada co perfil a desenrolar no Gdr, sendo puntuados como:*

- Ata 20 h: 0,8 puntos por curso*
- De 21 a 50 h: 1,6 puntos por curso*
- Máis de 50 h: 2 puntos por curso*

▪ **Participación social (ata 2 puntos):**

*.-Membro da xunta directiva dunha entidade social (ata 1 punto): cada ano 0,25 puntos.*

*.-Socio dunha entidade social (ata 1 punto): cada ano 0,1 puntos.*

▪ **Residir no territorio do GDR 3 (1 punto).***Enténdese por residir no territorio estar empadroado durante o último ano.*

**B) ADMINISTRATIVO/A:**

▪ **Outras titulacións regradas (ata 3 puntos):**

*-Relacionadas co traballo: 3 puntos por licenciatura, enxeñaría superior, arquitectura ou doutorado, 1,5 puntos por diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica e 1 punto por ciclo superior, FP II ou máster.*

*.-Non relacionadas co traballo: 1 punto por licenciatura, enxeñaría superior, arquitectura ou doutorado, 0,75 puntos por diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica e 0,5 puntos por ciclo superior, FP II ou máster.*

▪ **Formación (ata 6 puntos)** *pola asistencia a cursos, xornadas e congresos realizados por calquera Administración Pública, Universidade e colexio oficial:*

*.-Informática (ata 3 puntos): procesador de textos, folla de cálculo, base de datos, creación de páxinas web, tratamento de fotografías, programas de contabilidade, programas de presentacións electrónicas...*

*-Cursos relacionados co traballo específico a realizar (ata 3 puntos).*

*A formación valorarase do seguinte xeito:*

- *Ata 25 horas: 0,5 puntos por curso.*
- *De 26 a 75 horas: 1 puntos por curso.*
- *De mais de 75 horas: 2 puntos*

▪ ***Experiencia laboral (ata 8 puntos):***

*-En postos relacionados co traballo a desenvolver no Gdr: 0,4 puntos/mes. A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral. Non se computarán servizos inferiores a un mes. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente*

▪ ***Participación social (ata 2 puntos):***

*.-Membro da xunta directiva dunha entidade social (ata 1 punto): cada ano 0,25 puntos.*

*.-Socio dunha entidade social (ata 1 punto): cada ano 0,1 puntos.*

▪ ***Residir no territorio do GDR 3 (1 punto).****Enténdese por residir no territorio estar*

*empadroadado durante o último ano.*

## ***7.- Proba escrita***

*De carácter excluínte, esta fase constará dunha proba escrita e un ou varios supostos prácticos, relacionados co posto a desenvolver. Valorarase o coñecemento da lingua galega, a claridade expositiva, capacidade organizativa, calidade técnica, así coma coñecementos teóricos relacionados co posto de traballo. Facúltase ao tribunal para convocar ás persoas á exposición e defensa oral dos seus exercicios.*

*Esta proba versará sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, sobre a normativa de subvencións e sobre o territorio de actuación do GDR-3.*

## ***8.- Entrevista***

*Dende o momento da comunicación deberán presentar no prazo de 10 días as fotocopias cotexadas da documentación acreditativa dos méritos alegados no currículum vitae (contratos de traballo, certificados de empresa, vida laboral, certificados de cursiños, etc.) en horario de mañá nos seguintes enderezos:*

*. Concello de A Fonsagrada R/BURON N°12 CP 27100 A Fonsagrada Tel. 982340000*

*.Concello de Meira. Praza do Concello s/n. 27240 Meira Tel. 982330001*

*As persoas que aspiren á praza terá que responder ás preguntas expostas polo tribunal, valorándose o seguinte:*

*A) Xerente:*

- Coñecemento profundo do territorio: físico e técnico (problemática...).*
- Capacidade de traballo en equipo.*
- Capacidade para comunicar.*
- Capacidade de escoita para recoller dos veciños/as, dos grupos e das asociacións os problemas e necesidades que formulen.*
- Disposición e capacidade para aprender do rural.*
- Empatía e capacidade para animar. Carácter positivo e optimista.*
- Defensa do currículo vitae.*
- Valorarase que fale inglés con soltura.*

*B) Administrativo/a:*

- Capacidade de traballo en equipo.*
- Carácter dinámico e afable para atención e información inicial.*
- Organizado/a na presentación dos traballos e resolutivo/a .*
- Defensa do currículo vitae.*

### **9.- Emprego do galego**

*O tribunal valorará de forma transversal o emprego da lingua galega en todas as fases do procedemento.*

### **10.- Lista de agarda**

*Ao final da selección procederase a ordenar as persoas que non acaden o posto de traballo por nota final co fin de crear unha lista de agarda. A lista de agarda creada para o posto de xerente poderá ser empregada na contratación puntual de técnicos (plan de cooperación,...)*

### **11.- Comisión de selección**

*Formaran parte da comisión de selección do persoal:*

- 4 membros da Asociación Montes e Vales cos seus respectivos suplentes*
- 1 membro da USC técnico en programas LEADER*

*Á Comisión de Selección de Persoal, convocará a Agader, podendo este participar a través de algún representante con voz pero sen voto.*

*A decisión da comisión é inapelábel.*



**12.- Prazos e instancia**

*As instancias debidamente cubertas (anexo I) xunto co currículo vitae (anexo II) deberán ser entregados antes das 14:00h do xx do xxx de 2009 en:*

*.Concello de A Fonsagrada. Rúa Burón nº15 27100 A Fonsagrada  
Concello de Meira. Praza do Concello sn. 27240 Meira (Lugo)*

**Envíos postais:**

***Asociación Montes e Vales. Apartado de correos 901. 27240 Meira (Lugo)***

*Se a documentación, se remite por correo, o aspirante deberá xustifica-la súa remisión anunciando a remisión da súa solicitude por fax ó número 982-330551 antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación.*

*O medio de comunicación cos candidatos aos postos (listas de candidatos que superen unha fase, convocatorias de probas...) será por escrito a través de correo postal.*

*Meira a 11 de Febreiro de 2009*

*Asdo. Ignacio Eiros Garcia*

*Presidente Asociación Montes e Vales*

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL  
DA ASOCIACIÓN MONTES E VALES (ANEXO I)**

D./Dña .....

NIF: ..... Data de nacemento: ..... / ..... / .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Tfno. fixo: ..... Tfno. móbil: .....

Fax: ..... Correo-e: .....

Desexa participar no proceso de selección de:

☐ Coordinador/a.

☐ Administrativo/a.

Aportando a seguinte documentación:

☐ Copia de DNI.

☐ Currículum vitae (segundo ANEXO II).

☐ .....

comprometéndose a acatar as bases de selección de persoal publicadas e indicando expresamente cumprir os requisitos mínimos das mesmas.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN MONTES E VALES**

**ANEXO II**

|                                                                                                    |                                                        |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|
| <b>PROCEDEMENTO:</b><br><b>PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN MONTES E VALES (GDR3)</b> | <b>DOCUMENTO:</b><br><b>VALORACIÓN MÉRITOS XERENTE</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|

D./Dna. .... con NIF: .....

comprométese a que todo o que reflicta no ANEXO II en calidade de méritos é certo e que o demostrará documentalmente cando os membros do tribunal valorador así o requiran.

| <b>OUTRAS TITULACIÓNS REGRADAS (ATA 3 PUNTOS)</b> |               |
|---------------------------------------------------|---------------|
| <b>Título</b>                                     | <b>Puntos</b> |
|                                                   |               |
|                                                   |               |
|                                                   |               |
| <b>TOTAL:</b>                                     |               |

| <b>FORMACIÓN (ATA 6 PUNTOS)</b>                       |                              |              |               |
|-------------------------------------------------------|------------------------------|--------------|---------------|
| <b>CURSOS RELACIONADOS CO TRABALLO (ATA 4 PUNTOS)</b> |                              |              |               |
| <b>Nome do curso</b>                                  | <b>Entidade organizadora</b> | <b>Horas</b> | <b>Puntos</b> |
|                                                       |                              |              |               |
|                                                       |                              |              |               |
|                                                       |                              |              |               |
|                                                       |                              |              |               |
|                                                       |                              |              |               |
|                                                       |                              |              |               |
|                                                       |                              |              |               |

| <b>CURSOS DE INFORMÁTICA (ATA 2 PUNTOS)</b> |                              |              |               |
|---------------------------------------------|------------------------------|--------------|---------------|
| <i>Nome do curso</i>                        | <i>Entidade organizadora</i> | <i>Horas</i> | <i>Puntos</i> |
|                                             |                              |              |               |
|                                             |                              |              |               |
|                                             |                              |              |               |
|                                             |                              |              |               |
| <b>TOTAL:</b>                               |                              |              |               |

| <b>EXPERIENCIA LABORAL (ATA 8 PUNTOS)</b>                           |                              |                              |               |               |
|---------------------------------------------------------------------|------------------------------|------------------------------|---------------|---------------|
| <b>TRABALLO EN LABOURAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL (ATA 5 PUNTOS)</b> |                              |                              |               |               |
| <i>Lugar de traballo</i>                                            | <i>Función</i>               | <i>% da xornada completa</i> | <i>Meses</i>  | <i>Puntos</i> |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
| <b>TRABALLO COMO DOCENTE (ATA 3 PUNTOS)</b>                         |                              |                              |               |               |
| <i>Nome do curso</i>                                                | <i>Entidade organizadora</i> | <i>Horas</i>                 | <i>Puntos</i> |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
|                                                                     |                              |                              |               |               |
| <b>TOTAL:</b>                                                       |                              |                              |               |               |

| <b>PARTICIPACIÓN SOCIAL (ATA 2 PUNTOS)</b> |                                                      |             |               |
|--------------------------------------------|------------------------------------------------------|-------------|---------------|
| <i>Nome da entidade social</i>             | <i>Función (cargo da xunta directiva ou socio/a)</i> | <i>Anos</i> | <i>Puntos</i> |
|                                            |                                                      |             |               |
|                                            |                                                      |             |               |
| <i>TOTAL:</i>                              |                                                      |             |               |

| <b>RESIDIR NO TERRITORIO DO GDR 3 (1 PUNTO)</b>              |               |
|--------------------------------------------------------------|---------------|
| <i>Concellos no que se estivo empadroadado no último ano</i> | <i>Puntos</i> |
|                                                              |               |
| <i>TOTAL:</i>                                                |               |

|               |  |
|---------------|--|
| <i>TOTAL:</i> |  |
|---------------|--|

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN MONTES E VALES**

**ANEXO II****PROCEDEMENTO:****PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN MONTES E VALES (GDR3)****DOCUMENTO:****VALORACIÓN  
MÉRITOS  
ADMINISTRATIVO**

D./Dna. .... con NIF: .....

comprométese a que todo o que reflicta no ANEXO II en calidade de méritos é certo e que o demostrará documentalmente cando os membros do tribunal valorador así o requiran.

**OUTRAS TITULACIÓNS REGRADAS (ATA 3 PUNTOS)**

| <i>Título</i> | <i>Puntos</i> |
|---------------|---------------|
|               |               |
|               |               |
| <i>TOTAL:</i> |               |

**FORMACIÓN (ATA 6 PUNTOS)****CURSOS RELACIONADOS CO TRABALLO (ATA 3 PUNTOS)**

| <i>Nome do curso</i> | <i>Entidade organizadora</i> | <i>Horas</i> | <i>Puntos</i> |
|----------------------|------------------------------|--------------|---------------|
|                      |                              |              |               |
|                      |                              |              |               |
|                      |                              |              |               |
|                      |                              |              |               |
|                      |                              |              |               |
|                      |                              |              |               |
|                      |                              |              |               |

| <b>CURSOS DE INFORMÁTICA (ATA 3 PUNTOS)</b> |                              |              |               |
|---------------------------------------------|------------------------------|--------------|---------------|
| <i>Nome do curso</i>                        | <i>Entidade organizadora</i> | <i>Horas</i> | <i>Puntos</i> |
|                                             |                              |              |               |
|                                             |                              |              |               |
|                                             |                              |              |               |
|                                             |                              |              |               |
| <i>TOTAL:</i>                               |                              |              |               |

| <b>EXPERIENCIA LABORAL (ATA 8 PUNTOS)</b>                   |                |                              |              |               |
|-------------------------------------------------------------|----------------|------------------------------|--------------|---------------|
| <i>TRABALLO RELACIONADO CO POSTO A DESENVOLVER NO GDR-3</i> |                |                              |              |               |
| <i>Lugar de traballo</i>                                    | <i>Función</i> | <i>% da xornada completa</i> | <i>Meses</i> | <i>Puntos</i> |
|                                                             |                |                              |              |               |
|                                                             |                |                              |              |               |
|                                                             |                |                              |              |               |
|                                                             |                |                              |              |               |
|                                                             |                |                              |              |               |
|                                                             |                |                              |              |               |
| <i>TOTAL:</i>                                               |                |                              |              |               |

| <b>PARTICIPACIÓN SOCIAL (ATA 2 PUNTOS)</b> |                                |             |               |
|--------------------------------------------|--------------------------------|-------------|---------------|
| <i>Nome da entidade social</i>             | <i>Función (cargo da xunta</i> | <i>Anos</i> | <i>Puntos</i> |

|               |                              |  |  |
|---------------|------------------------------|--|--|
|               | <i>directiva ou socio/a)</i> |  |  |
|               |                              |  |  |
|               |                              |  |  |
| <i>TOTAL:</i> |                              |  |  |

| <b>RESIDIR NO TERRITORIO DO GDR 3 (1 PUNTO)</b>              |               |
|--------------------------------------------------------------|---------------|
| <i>Concellos no que se estivo empadroadado no último ano</i> | <i>Puntos</i> |
|                                                              |               |
| <i>TOTAL:</i>                                                |               |

|               |  |
|---------------|--|
| <i>TOTAL:</i> |  |
|---------------|--|

*En ....., a ..... de ..... de .....*

*Asdo.: .....*

***PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN MONTES E VALES***